

ACTA

Nº 45 Ano 2015.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas D, no Edificio Administrativo de San Caetano, sendo as 11,10 horas do día 1 de xullo de 2015, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<u>Nome</u>	<u>Posto</u>	<u>Teléfono</u>
Emilio J. de la Iglesia Lema	S.X. Presidencia	4.42.03
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67
María Coutinho Villanueva	D.X. Traballo e Econ. Soc.	4.47.71

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<u>Nome</u>	<u>Organización Sindical</u>	<u>Teléfono</u>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Vazquez Gonzalez	UGT	650.133.041
Francisco Fernández Castro	CSI-F	881-542-850
Mª Jose Crespo Hermida	CIG	607-995-385

Asisten asímesmo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e Jose Acuña Vilas, por Mugatra.

Antes de comezar a xuntanza, e dado que produxose o falecemento dun traballador en labores contraincendios, o pasado sábado día 27 de xuño, procédese a incluír, o debate sobre dito accidente, no punto 4 desta xuntanza.

1- Lectura e aprobación da última acta:

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da anterior xuntanza.

2.- Presentación do informe sobre a cobertura das pólizas de aseguramento, dos vehículos pertencentes a Administración.

O Presidente informa da situación actual, na que danse tres tipos de situacións de aseguramento, dos vehículos oficiais:

1ª Os vehículos de propiedade pública que están cubertos pola póliza da Admón. Xeral e das Axencias, xestionada pola Compañía Seguros Bilbao, que figura colgada na páxina web da Xunta de Galicia. Esta póliza, segundo a antigüidade e estado dos vehículos, cubre desde seguros a todo risco con e sen franquicia, ata seguros a terceiros. A súa vixencia rematará no 2.016. O conductor, en caso de morte o invalidez, percibirá 70.000€ e o ocupante 30.000€. A Administración alega que esta diferenza basesase no baremo oficial existente, en canto os riscos asegurados, no RD 8/2004, sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor.

2ª Os vehículos tamen de propiedade pública, pertencentes a outros organismos da Admón. Autonómica, cuías pólizas de aseguramento están contratadas con diferentes compañías, e polo tanto con coberturas distintas. Estas pólizas, a medida que rematen a su vixencia, serán incluídas para a súa cobertura pola póliza da Admón. Xeral, conforme recolle o catálogo de contratación centralizada, publicado no DOG, do 13 de xaneiro pasado.

3º Os vehículos co sistema “renting”, fundamentalmente contratados pola Consellería do Medio Rural e do Mar, con condicións tamen desiguais. A aprobación destes contratos precisa do visto bo da Subdirección que exerzo, polo que comprométome a que en ningún caso se autorizarán rentigns, con pólizas de aseguramento, que como mínimo non iguallen as existentes na póliza da Admón. Xeral.

O Presidente comenta que é desexo da Administración, que os vehículos oficiais teñan unha cobertura homoxénea, para responder no caso dun accidente no que esté afectado algún empregado ou empregada pública. Que considera que do total dos vehículos, 2/3 dos mesmos están xa incluídos na póliza da Admón. Xeral, e que sacando o aproximadamente 20% de vehículos rentings, os restantes pouco a pouco íranse integrando en dita póliza.

A parte sindical coincide coa folla de ruta prantexada na exposición anterior, e manifesta que estará atenta, para que se cumpra en todos os seus extremos.

3.- Debate sobre a necesidade de que pola Mútua, contemplese a posibilidade de obter unha segunda opinión médica, cando o paciente soliciteo.

A Administración pregunta a CCOO coma introductor deste punto, que concrete as situacións as que refírese, nas que podería existir unha segunda opinión médica. CCOO resposta que refírese a que cando existan unhas consecuencias graves na saúde do traballador ou traballadora, afectado por un accidente de traballo ou enfermidade profesional. Este paciente puidese solicitar da Mútua Gallega a posibilidade de obter unha segunda opinión médica.

A Administración manifesta que na próxima xuntanza deste Comité, segundo confirmaron telefónicamente, achegaranse representantes de Mútua Gallega, para debatir e facer realidade esta posibilidade.

4.- Morte dun axente medioambiental, cando realizaba tarefas de loita contraincendios.

A Administración informa de que o pasado 27 de xuño foi atopado nunha cuneta, un dos vehículos que estaban participando na loita contra o incendio que estabase a producir na provincia de Lugo, en Guntín. No interior do mesmo atoparon o corpo de Enrique, non puidendo facer xa nada para reanímalo. As causas da súa morte, polo de agora están sendo investigadas, polo Xulgado que fíxose cargo deste falecemento.

A parte sindical fai constar que o persoal fixo discontinuo, en moitos casos, non realiza o recoñecemento médico anual, as veces por non cadrarlle as datas da súa contratación, coa apertura do período para anotarse a estes recoñecementos. A Administración intentará difundir a vixiancia da saúde entre este persoal, para aumentar o número dos seus integrantes que sexan recoñecidos, sobre as condicións da súa saúde.

5.- Rogos e preguntas.

A Administración solicita da parte sindical, que agora que xa remataron as eleccións sindicais, pendente so por un laúdo as relativas a Consellería de Traballo e Benestar de Ourense, realicense os nomeamentos dos novos delegados e delegadas de prevención, conforme o resultado destas últimas eleccións. A parte sindical manifesta que conta presentar, no mes de setembro, a acta coa designación deste novos delegados e delegadas de prevención.

CIG solicita de Mugatra, que de novo fale co Médico que realiza os recoñecementos médicos en Pontevedra, dado que está a recibir numerosas queixas polo trato dispensado, ó persoal que acude a ditos recoñecementos.

Levántase a sesión sendo as 12,20 h.

Vº Bº O PRESIDENTE


EMILIO DE LA IGLESIA LEMA

Vº Bº O SECRETARIO


EDUARDO FREIRE POUSA

